ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013771	CIFP Fontecarmoa	Vilagarcía de Arousa	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN08	Documentación e administración sanitarias	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1519	Sistemas de información e clasificación sanitarios	2025/2026	0	87	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA MARÍA CAMPOS GÓMEZ,MARÍA JOSÉ CURRÁS COSTAS (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza os elementos que interveñen no proceso de creación dun sistema de información sanitario (SIS), en relación cos factores clave da actividade sanitaria
RA2 - Manexa os sistemas de clasificacións internacionais de doenzas e diversas terminoloxías, e determina o ámbito de aplicación de cada un
RA3 - Utiliza eficazmente as partes da Clasificación Internacional de Doenzas, aplicando cada un dos seus criterios de uso
RA4 - Selecciona os códigos da Clasificación Internacional de Doenzas, logo de extraer do episodio asistencial os diagnósticos e os procedementos realizados
RA5 - Aplica a normativa establecida en materia de codificación de datos clínicos e non clínicos, a nivel estatal e autonómico, e recoñece o seu ámbito de aplicación
RA6 - Realiza procesos de codificación de diagnósticos coa Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, aplicando a normativa xeral
RA7 - Realiza procesos de codificación de procedementos coa Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, aplicando a normativa xeral
RA8 - Realiza procesos de codificación específica coa Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Describiuse o proceso da información sanitaria e os seus tipos
CA1.2 Detalláronse os elementos que constitúen un sistema de información sanitario
CA1.3 Analizáronse os elementos clave da actividade sanitaria
CA1.4 Explicáronse as utilidades dun sistema de información sanitario
CA1.5 Valoráronse as necesidades de utilizar estándares na información sanitaria

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA1.6 Describiuse a relación entre datos, información e coñecemento
CA2.1 Argumentouse a necesidade e a utilidade da codificación
CA2.2 Referíronse os antecedentes históricos que determinan os actuais sistemas de clasificación de doenzas
CA2.3 Describíronse as clasificacións e as terminoloxías sanitarias en uso pola Organización Mundial da Saúde
CA2.4 Sinaláronse as diferenzas entre unha clasificación e unha terminoloxía
CA2.5 Establecéronse as diferenzas entre os sistemas de clasificación de doenzas
CA2.6 Sinaláronse as peculiaridades da clasificación internacional da atención primaria e da Clasificación Internacional de Doenzas Oncolóxicas
CA3.1 Detalláronse as partes da Clasificación Internacional de Doenzas
CA3.2 Establecéronse os termos principais e modificadores esenciais e non esenciais utilizados nos índices alfabéticos
CA3.3 Referíronse as partes das listas tabulares
CA3.4 Referíronse as seccións en que se estruturan as táboas de procedementos
CA3.5 Utilizáronse as clasificacións suplementarias
CA3.6 Sinalouse a estrutura dos códigos que se utilizan na Clasificación Internacional de Doenzas
CA3.7 Identificáronse as abreviaturas, a puntuación, os símbolos, as instrucións, as notas, as referencias cruzadas e os termos relacionais utilizados na Clasificación Internacional de Doenzas
CA4.1 Determináronse as fontes documentais utilizadas no proceso de codificación
CA4.2 Extraéronse os termos clave dos documentos
CA4.3 Empregáronse os índices alfabéticos para a asignación dos códigos
CA4.4 Usáronse as instrucións, as notas, os modificadores, etc., presentes nos índices alfabéticos e nas listas tabulares

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA4.7 Asignouse definitivamente os códigos adecuados
CA5.1 Describiuse a normativa estatal e autonómica
CA5.2 Elixiuse a normativa para cada episodio presentado
CA5.3 Argumentouse a pertinencia de requirir aclaracións á unidade técnica para a Clasificación Internacional de Doenzas do Sistema Nacional de Saúde
CA5.4 Explicouse a estrutura e a composición da unidade técnica para a Clasificación Internacional de Doenzas do Sistema Nacional de Saúde
CA5.5 Definiuse a utilidade dos manuais de codificación
CA5.6 Detallouse a información que recollen os boletíns de codificación
CA5.7 Valorouse a aplicación de criterios de homoxeneización na aplicación da normativa
CA6.1 Detalláronse os conceptos de diagnóstico principal e outros diagnósticos
CA6.2 Asignáronse códigos de combinación e codificación múltiple cumprindo coa normativa
CA6.3 Codificáronse os procesos agudos, subagudos e crónicos
CA6.4 Recoñeceuse a existencia de dous ou máis diagnósticos que cumpren a condición de ser diagnóstico principal
CA6.5 Identificáronse varias etioloxías como probables
CA6.6 Establecéronse os diagnósticos de sospeita descartados ou non como diagnóstico principal
CA6.7 Consideráronse as afeccións previas e os achados anormais
CA6.8 Xustificouse a asignación de códigos presentes ao ingreso ("present on admission" -POA-)
CA7.1 Detalláronse os conceptos de procedemento principal e outros procedementos
CA7.2 Asignáronse códigos de combinación e codificación múltiple cumprindo a normativa

Criterios de avaliación do currículo
CA7.3 Xustificáronse as técnicas implícitas nun procedemento
CA7.4 Identificáronse as técnicas endoscópicas e aplicouse a normativa
CA7.5 Identificouse o tipo de procedementos diagnósticos
CA7.6 Identificáronse os procedementos incompletos, non realizados, e os endoscópicos reconvertidos a abertos
CA8.1 Seleccionáronse como diagnóstico principal ou diagnóstico secundario os signos e os síntomas
CA8.2 Identificáronse os achados anormais
CA8.3 Elixiuse a normativa específica adecuada
CA8.4 Codificáronse correctamente as lesións e as intoxicacións
CA8.5 Extraéronse os códigos correspondentes a complicacións de coidados médicos e cirúrxicos
CA8.6 Codificouse tendo en conta os factores que inflúen no estado de saúde e contactos cos servizos sanitarios
CA8.7 Recolléronse no proceso de codificación as causas externas de lesións e intoxicacións

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza os elementos que interveñen no proceso de creación dun sistema de información sanitario (SIS), en relación cos factores clave da actividade sanitaria
RA2 - Manexa os sistemas de clasificacións internacionais de doenzas e diversas terminoloxías, e determina o ámbito de aplicación de cada un
RA3 - Utiliza eficazmente as partes da Clasificación Internacional de Doenzas, aplicando cada un dos seus criterios de uso
RA4 - Selecciona os códigos da Clasificación Internacional de Doenzas, logo de extraer do episodio asistencial os diagnósticos e os procedementos realizados
RA5 - Aplica a normativa establecida en materia de codificación de datos clínicos e non clínicos, a nivel estatal e autonómico, e recoñece o seu ámbito de aplicación

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA6 - Realiza procesos de codificación de diagnósticos coa Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, aplicando a normativa xeral
RA7 - Realiza procesos de codificación de procedementos coa Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, aplicando a normativa xeral
RA8 - Realiza procesos de codificación específica coa Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.6 Describiuse a relación entre datos, información e coñecemento
CA2.4 Sinaláronse as diferenzas entre unha clasificación e unha terminoloxía
CA2.5 Establecéronse as diferenzas entre os sistemas de clasificación de doenzas
CA2.6 Sinaláronse as peculiaridades da clasificación internacional da atención primaria e da Clasificación Internacional de Doenzas Oncolóxicas
CA3.1 Detalláronse as partes da Clasificación Internacional de Doenzas
CA3.2 Establecéronse os termos principais e modificadores esenciais e non esenciais utilizados nos índices alfabéticos
CA3.3 Referíronse as partes das listas tabulares
CA3.4 Referíronse as seccións en que se estruturan as táboas de procedementos
CA3.5 Utilizáronse as clasificacións suplementarias
CA3.6 Sinalouse a estrutura dos códigos que se utilizan na Clasificación Internacional de Doenzas
CA3.7 Identificáronse as abreviaturas, a puntuación, os símbolos, as instrucións, as notas, as referencias cruzadas e os termos relacionais utilizados na Clasificación Internacional de Doenzas
CA4.1 Determináronse as fontes documentais utilizadas no proceso de codificación

ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA4.2 Extraéronse os termos clave dos documentos
CA4.3 Empregáronse os índices alfabéticos para a asignación dos códigos
CA4.4 Usáronse as instrucións, as notas, os modificadores, etc., presentes nos índices alfabéticos e nas listas tabulares
CA4.5 Comprobáronse nas listas tabulares os códigos obtidos nos índices alfabéticos
CA4.6 Comprobáronse nas táboas de procedementos os códigos obtidos nos índices alfabéticos de procedementos
CA4.7 Asignouse definitivamente os códigos adecuados
CA5.1 Describiuse a normativa estatal e autonómica
CA5.2 Elixiuse a normativa para cada episodio presentado
CA5.3 Argumentouse a pertinencia de requirir aclaracións á unidade técnica para a Clasificación Internacional de Doenzas do Sistema Nacional de Saúde
CA5.6 Detallouse a información que recollen os boletíns de codificación
CA5.7 Valorouse a aplicación de criterios de homoxeneización na aplicación da normativa
CA6.1 Detalláronse os conceptos de diagnóstico principal e outros diagnósticos
CA6.2 Asignáronse códigos de combinación e codificación múltiple cumprindo coa normativa
CA6.3 Codificáronse os procesos agudos, subagudos e crónicos
CA6.4 Recoñeceuse a existencia de dous ou máis diagnósticos que cumpren a condición de ser diagnóstico principal
CA6.5 Identificáronse varias etioloxías como probables
CA6.6 Establecéronse os diagnósticos de sospeita descartados ou non como diagnóstico principal
CA6.7 Consideráronse as afeccións previas e os achados anormais

Criterios de avaliación do currículo
CA6.8 Xustificouse a asignación de códigos presentes ao ingreso ("present on admission" -POA-)
CA7.1 Detalláronse os conceptos de procedemento principal e outros procedementos
CA7.2 Asignáronse códigos de combinación e codificación múltiple cumprindo a normativa
CA7.3 Xustificáronse as técnicas implícitas nun procedemento
CA7.4 Identificáronse as técnicas endoscópicas e aplicouse a normativa
CA7.5 Identificouse o tipo de procedementos diagnósticos
CA7.6 Identificáronse os procedementos incompletos, non realizados, e os endoscópicos reconvertidos a abertos
CA8.1 Seleccionáronse como diagnóstico principal ou diagnóstico secundario os signos e os síntomas
CA8.2 Identificáronse os achados anormais
CA8.3 Elixiuse a normativa específica adecuada
CA8.4 Codificáronse correctamente as lesións e as intoxicacións
CA8.5 Extraéronse os códigos correspondentes a complicacións de coidados médicos e cirúrxicos
CA8.6 Codificouse tendo en conta os factores que inflúen no estado de saúde e contactos cos servizos sanitarios
CA8.7 Recolléronse no proceso de codificación as causas externas de lesións e intoxicacións

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN:

A persoa aspirante mostrará ser quen de:

- Definir os sistemas de información sanitaria (SIS). Características, clasificación e deseño.
- Manexar a documentación clínica e seleccionar os termos clave para unha correcta codificación.
- Manexar o manual de diagnósticos da CIE-10-ES e o tomo I da CIE-10-ES (Diagnósticos) na edición vixente así como a ferramenta informática eCIEMaps do Ministerio de Sanidad para a codificación de diagnósticos.
- Dominar o manual de procedementos da CIE-10-ES e o tomo II da CIE-10-ES (Procedementos) na edición vixente así como a ferramenta informática eCIEMaps do Ministerio de Sanidad para a codificación de procedementos.
- Coñecer e aplicar as normas xerais de codificación. Manexar o índice alfabético e listas tabulares da CIE-10-ES.
- Coñecer as abreviaturas, puntuacións, simboloxía, instruccións, notas e referencias cruzadas. Tipos de diagnósticos (DP, DS) e procedementos e establecemento dos mesmos. Estrutura e asignación de códigos na CIE-10-ES. Normativa estatal e autonómica da CIE-10 para diagnósticos e procedementos no SNS.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:
A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo farase a través da realización dunha proba con dúas partes:

- Primeira parte (proba teórica): Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita dos coñecementos teóricos sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación. Esta primeira parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación, deberá obterse unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Quen non supere a primeira proba, quedará directamente eliminado/a do proceso.

-Segunda parte (proba teórico-práctica): As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá na resolución de supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta segunda parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba, serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Poderase excluir de calquera parte da proba ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento durante a súa realización. Neste caso, cualificarase esa parte da proba do módulo cun cero.

Cualificación final:

A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos (Art. 14.2, Orde do 5 de abril de 2013).

4. Caracteríticas da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio e consistirá na realización dunha proba escrita de preguntas curtas ou tipo test sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación.

A cualificación será de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

No caso das preguntas tipo test, as respostas incorrectas restarán a mesma porcentaxe que sumen as acertadas. As non contestadas nin suman nin restan. As preguntas non respostadas e as preguntas curtas non puntuarán negativamente.

A duración da proba teórica será como máximo de 90 minutos.
Non se permitirá o uso de móbiles, nin calquera outro tipo de dispositivo tecnolóxico. Os móviles e reloxes intelixentes deberán estar apagados e á vista (enriba da mesa).

Utilizarase bolígrafo de cor azul ou negro de tinta indeleble que traerá a persoa aspirante. Non se permitirá o uso de corrector.

Será necesaria a identificación mediante documento oficial de identificación.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación.

A cualificación será de 0 a 10 puntos. Indicarase na folla de respostas o valor de cada apartado. Para a súa superación deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun 0 nesta segunda parte.

A duración deste proba será como máximo de 90 minutos.
Non se permitirá o uso de móbiles, nin calquera outro tipo de dispositivo tecnolóxico. Os móviles e reloxes intelixentes deberán estar apagados e á vista (enriba da mesa).

Utilizarase bolígrafo de cor azul ou negro de tinta indeleble que traerá a persoa aspirante. Non se permitirá o uso de corrector.

ANEXO III

MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Será necesaria a identificación mediante documento oficial de identificación.